

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oitos ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Ámbito da cidadanía

Este tríptico céntrase neste último ámbito de actuación: a cidadanía. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto da sociedade e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes lingüísticas da poboación en relación coa lingua. O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 2500 enquisas realizadas á poboación galega de 15 anos ou máis.

Cualitativo: paneis de escoita, reunións ás que asistiron representantes pertencentes a diferentes colectivos sociais para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos da cidadanía.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Elaboración do estudo e deseño: EOSA Consultores. www.eosa.com

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da cidadanía
2007



I. Lingua inicial e lingua habitual

Lingua inicial:

Globalmente, o galego é a lingua na que aprendeu a falar unha maior porcentaxe da cidadanía galega.




Gráfico: Lingua inicial da cidadanía galega

Lingua habitual:

Case a metade das persoas enquisadas afirma falar “só galego” ou “máis galego” como lingua habitual.




Gráfico: Lingua habitual da cidadanía galega

2. Usos lingüísticos nos ámbitos familiar e social

O galego é a lingua de uso habitual máis empregada nas relacións familiares. Se establecemos unha escala de máis a menos uso desta lingua segundo quen sexa a persoa interlocutora, este é o resultado: en primeiro lugar os avós/as, seguidos dos proxenitores, os irmáns/ás, a parella e, por último, os fillos/as.

Nos usos sociais, o emprego do galego vai descendendo a medida que diminúe a familiaridade co interlocutor/a. Isto fai que as porcentaxes de uso desta lingua sexan maiores coa veciñanza, cos comerciantes de tendas pequenas e no fogar. Os peores resultados danse nas notas escritas, feito que debe poñerse en relación cos datos sobre competencias.

3. Competencias lingüísticas

A única destreza na que as competencias en galego e castelán son iguais nunha porcentaxe elevada é na comprensión oral.

O galego só supera o castelán na fala, xa que existe unha porcentaxe maior de persoas que se expresa oralmente mellor naquela lingua. En cambio, o castelán é a que mellor escribe e le a cidadanía.






Gráfico: Lingua que mellor domina a cidadanía nas catro destrezas

En todas as destrezas, as porcentaxes das respostas “moito/bastante” son maiores para o castelán, principalmente nas competencias lectoescritas.



4. Actitudes e opinións lingüísticas

Máis da metade da poboación enquisada considera que o uso do galego aumentou nos último cinco anos e, o que é máis positivo, nunha porcentaxe semellante pensa que aumentará nos próximos cinco anos.

Se a cifra dos que teñen o galego como lingua habitual exclusiva ou maioritaria é do 47,9%, a porcentaxe dos que cren que o falarán nun futuro elévase ao 53,9%, mentres que os que desexarían falalo no futuro aumentan ata o 56,2%, proceso inverso ao das respostas para o castelán.

* Conclusións

O galego continúa a ser a lingua en que aprende a falar a maior parte da cidadanía.

Existen máis galegofalantes habituais ca castelanfalantes habituais e o galego é a lingua máis empregada nos ámbitos familiar e social.

Nas xeracións máis novas as porcentaxes de galego como lingua inicial e habitual descenden e a transmisión familiar desta lingua está en claro retroceso.

O castelán continúa a ser a lingua na que mellores competencias ten a cidadanía de Galicia, aínda que na xuventude se aprecia unha notable mellora no dominio do galego grazas á escola.

